



Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
Asignatura (*)	Aproximación cinematográfica ao dereito	Código	612G01045	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
1º e 2º Ciclo	2º cuadrimestre	Cuarto	Optativa	4.5
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Híbrida			
Prerrequisitos				
Departamento	Dereito PrivadoDereito Público			
Coordinación	Aba Catoira, Ana Maria	Correo electrónico	ana.abac@udc.es	
Profesorado	Aba Catoira, Ana Maria Arevano Fuentes, Mª de la Cruz Barrio Garcia, Gonzalo Carril Vázquez, Xosé Manuel Cebreiros alvarez, Eduardo Ferreiro Baamonde, Xulio Garcia Camiñas, Julio Garcia Vazquez, Sonia Garcimartin Montero, Carmen Lopez Mosteiro, Ricardo Pérez Dios, Carmen Rivas Pala, Pedro Rodríguez López, Silvia Sobrido Prieto, Marta Vara Parra, Jose Joaquin	Correo electrónico	ana.abac@udc.es m.arevano@udc.es gonzalo.barrio@udc.es xose.manuel.carril.vazquez@udc.es eduardo.cebreyros@udc.es xulio.ferreiro@udc.es julio.garcia.caminas@udc.es sonia.garcia.vazquez@udc.es carmen.garcimartin@udc.es ricardo.lopez@udc.es carmen.perez.dios@udc.es pedro.rivas@udc.es s.rodriquezl@udc.es marta.sobrido@udc.es joaquin.vara@udc.es	
Web				
Descrición xeral	A finalidade da materia é acercar aos alumnos algúns conceptos básicos das diferentes ramas da ciencia xurídica. Preténdense amosar a potencialidade da representación do Dereito no cinema como ferramenta complementaria na ensinanza das diferentes disciplinas xurídicas. En particular, a materia está orientada a conseguir os seguintes obxectivos específicos: 1. Reflexionar sobre algúns dos conceptos fundamentais do Dereito. 2. Amosar as diferentes culturas xurídicas. 3. Comparar os sistemas de argumentación, interpretación e persuasión que operan na construción do relato cinematográfico e os propios do proceso xudicial. 4. Comunicarse eficazmente tanto de forma oral como escrita. 5. Debater e argumentar en grupo. 6. Capacidade de análise, síntese e interrelación de conceptos.			



Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos No hai ningún.</p> <p>2. Metodoloxías Se mantén a avaliación da tarefa entregada vía moodle con periodicidade quincenal. *Metodoloxías docentes que se modifican O requisito de asistencia presencial do 80% desaparece.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado Atenderase ao alumnado por teams ou por correo electrónico.</p> <p>4. Modificacións na avaliación Noi hai cambios no sistema de avaliación pois tanto a entrega das tarefas como a súa corrección son a través do campus virtual.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Nada que engandir.</p>
-----------------------------	--

Competencias do título

Código	Competencias do título
---------------	-------------------------------

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
Coñecemento das principais institucións xurídicas	A1 A3 A4 A10		C3
Coñecer a función do Dereito como sistema regulador das relacións sociais	A2 A3 A4 A10	B7 B2 B3	C4 C8
Percepción do carácter interdisciplinar dos problemas xurídicos	A1 A2 A3 A4 A10		C1
Comunicarse eficazmente tanto de forma oral como escrita	A2 A3 A4 A10 A12	B8 B12 B3	C1 C3 C6 C7
Capacidade de análise, síntese e interrelación de conceptos	A2 A3 A4 A9 A10	B8 B1 B5	
Coñecementos básicos de argumentación xurídica	A4 A8	B2 B3	C6 C7



Contidos	
Temas	Subtemas
Presentación da materia (semana do 3 de febreiro)	Introdución sobre a relación entre o Cine e o Dereito.
Tema: Condena extrajudicial, torturas. (semana do 8-12 de febreiro)	Película: "El crimen de Cuenca", España, Pilar Miró, 1979. Prof. David Soto Area: Dereito Procesual
Tema: "mercado financiero y el mercado de valores". (semana 22-26 de febrero)	Película: "Margin Call?", EEUU, Chandor, 2011. Profa.: María Cruz Arévano Fuentes. Area: Dereito Mercantil
Tema: "Sistema administrativo". (semana do 1-5 de marzo)	Película: "Daniel Blake"., EE.UU, Kean Loach, 2016. Prof.: Gonzalo Barrio García. Area: Dereito Administrativo
Tema: "Objeción de conciencia y jurisdicción eclesiástica?" (semana 8-12 de marzo)	Película: "Un hombre para la eternidad"., Gran Bretaña, 1966, Zimmerman. Prof: Francisco Concheiro Teijido Area: Dereito Eclesiástico
Tema: "Naciones Unidas, conflictos internacionales y operaciones de mantenimiento de la paz". (semana 15-19 de marzo)	Película: "Hotel Ruanda"., Reino Unido; Sudáfrica; Italia, Terry George, 2004. Prof.: Jorge Quindimil López. Área: Dereito Internacional Público.
Tema: "Derecho de familia, matrimonio, validez del acto jurídico". (semana 22-26 de marzo)	Película: "No estamos casados?", EE.UU, 1952, edmund Goulding. Profa: Carmen Pérez Dios. Area: Dereito Civil.
Tema: "Segregación racial, derechos civiles y políticos?" (semana 19-23 de abril)	Película: "Largo camino hacia la Libertad"., Inglaterra; Sudáfrica, Chadwick, 2013. Prof.: Pedro Rivas Palá. Area: Filosofía do Dereito.
Tema: "Paraísos fiscales y secreto profesional". (semana 26-30 de abril)	Película:""La tapadera"., EE.UU. Sidney Pollack, 1993. Prof. José R. Ruiz García Area: Derecho Financiero y Tributario
Tema: "Matrimonio". (semana 3-7 de mayo)	Película:"That Uncertain Feeling?", EE.UU, Lubitsch, 1941. Prof.: José J. Vara Parra. Area: Dereito Internacional Privado

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Portafolios do alumno	A1 A2 A3 A4 A9 B7 B1 B2 B3 B5	0	67.5	67.5
Discusión dirixida	A8 A10 A12 B8 B12 C1 C4 C6 C7	15	0	15
Análise de fontes documentais	A1 A2 A3 A4 A9 C3 C8	30	0	30
Atención personalizada		0	0	0
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



Portafolios do alumno	Trala sesión os alumnos terán que realizar obrigatoriamente un comentario por escrito sobre as cuestións xurídicas plantexadas na película. O comentario será entregado na sesión seguinte.
Discusión dirixida	A proxección da película irá precedida dun breve comentario do profesor no que se darán certas claves para o visionado da película. Trala proxección o profesor plantexará reflexións ou cuestións coa finalidade de fomentar o debate entre os estudantes
Análise de fontes documentais	Para a elaboración do comentario, os alumnos terán que consultar ou manexar as fontes legais oportunas e a bibliografía e xurisprudencia que recomende o profesor

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais Discusión dirixida	Mediante as titorías, os alumnos recibirán a orientación necesaria durante a realización dos seus estudos para superar as dificultades que xurdan na súa aprendizaxe

Avaliación

Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Portafolios do alumno	A1 A2 A3 A4 A9 B7 B1 B2 B3 B5	Valoraranse de 0 a 10 puntos e se terá en conta entre outros aspectos, a presentación, a expresión, o razoamento crítico e a capacidade de persuasión. O alumno deberá ter unha nota media entre os comentarios e actividades feitas de 5 puntos para superar a materia.	80
Discusión dirixida	A8 A10 A12 B8 B12 C1 C4 C6 C7	Valoraranse as intervencións dos alumnos ante as cuestións que plantexen os profesores no comentario posterior á proxección da película	20

Observacións avaliación



A avaliación será de carácter continuo. A nota final do alumno determinarase sobre a seguinte base

1. Asistencia

e participación na clase. Para poder superar a materia pedirase un mínimo de asistencia ao 80% das sesións: o menos 7 das 9 sesións programadas. O incumprimento desta esixencia presupón que o alumno opta por non presentarse a materia. Tendo presente ademais que a materia é presencial, establécese que aqueles alumnos que non acaden o mínimo do 80 % de asistencia ao longo do curso non poderán presentarse a segunda oportunidade de xullo.

2. Portafolio do alumno cos comentarios de tódalas películas proxectadas no curso. Valoraranse de 0 a 10 puntos e se terá en conta entre outros aspectos, a presentación, a expresión, o razoamento crítico e a capacidade de persuasión. O alumno deberá ter unha nota media entre os comentarios e actividades feitas de 5 puntos para superar a materia. No caso de que un alumno asista a unha sesión e non entregue o preceptivo traballo ou o entregue fora de prazo, entenderase que a súa nota é de 0 a efectos de calcular a media. Desta forma, a asistencia computará a efectos das esixencias mínimas de presencialidade de cara ao cálculo da nota media e para precisar a posibilidade de acceder á segunda oportunidade de xullo. O alumno que non asista a unha sesión, sen motivo xustifico, pero entregue o traballo terá a nota de Non Presentado a sesión e o traballo non se lle puntuará. Desta forma, a ausencia do alumno a esa sesión tense en conta a hora de calcular a asistencia mínima para superar a esixencia da presencialidade mínima dun 80%. Contrariamente, no caso de que exista unha causa xustificada para a ausencia en algunha das sesións, o alumno poderá facer igualmente o traballo da sesión á que non puido asistir. Para elo precisa xustificar documentalmente a ausencia e entregar o traballo no prazo establecido para todos os alumnos, isto é, na sesión seguinte. Esa nota computará a tódolos efectos na media. No caso de que se xustifique a falta e non se entregue traballo procederase de xeito ordinario, isto é, entenderase que a súa nota é de 0 a efectos de calcular a media. Desta forma, a ausencia xustificada computará a efectos das esixencias mínimas de presencialidade de cara ao cálculo da nota media e para precisar a posibilidade de acceder as convocatorias de setembro e decembro. Os alumnos que, cumprido o requisito de asistencia mínima, non superen o 5 poderán presentarse na segunda oportunidade de xullo. Para superar a materia os alumnos han de presentar os traballos que lle falten ou que estean suspensos, coas mesmas condicións de contido impostas durante o curso. Esa nota será sumada a obtida ao longo do curso e así obterase unha nova media.Actividades voluntarias. As actividades voluntarias, individuais ou de grupo, serán tomadas en consideración para subir a nota do alumno. Estas actividades ofreceranse polo docente de cada sesión cando este o considere procedente. 3. O Alumnado con dispensa: O alumnado a tempo parcial o que, previa solicitude ao Decanato do centro, teña concedida dispensa académica de asistencia a clase, estará as condicións que fixe o profesorado para que a entrega das actividades prácticas sexa compatible co a situación de dispensa do alumno. 4. Plaxio: En caso de detectarse plaxio o alumno o alumna será penalizado con un 0.



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- - Gómez Gar, Juan Antonio (Ed.) (2008). Derecho y cine: el Derecho visto por los géneros cinematográficos. Tirant lo Blanch, Valencia- - Pernas García, José (Coord.) (2008). O ensino do dereito a través do cinema: unha perspectiva interdisciplinar. Materiais didácticos para un sistema ECTS. . Universidade de A Coruña, A Coruña- - Presno Linera, Miguel Ángel (2006). Una introducción cinematográfica al Derecho. Tirant Lo Blanch, Valencia- (.). Revista Proyecto DeCine, Publicación on-line de la Red de profesores para la elaboración de materiales didácticos para la enseñanza del Derecho a través del Cine. http://proyectodecine.wordpress.com/about-2/- - Rivaya, Benjamín y de Cima, Pablo (2003). Derecho y cine en 100 películas. Una guía básica. Tirant lo Blanch, Valencia- - San Martín Segura, David / Susín Betrán, Raúl (Coords) (2009). Derecho y política en la seguridad del riesgo. 8 propuestas de cine. Universidad de La Rioja, Logroño- - San Miguel Pérez, Enrique (2003). Historia, derecho y cine. Centro de Estudios Ramón Areces, Madrid
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías